

Comunicación Hoxe

| comunicacion@galicia-hoxe.com



A Redacción de Galicia Hoxe, formada principalmente por xente nova e saída da Facultade de Ciencias da Información de Santiago

CRIS TOBÍO

ANIVERSARIO Máis de duascentas persoas participan no suplemento 'Retrato emocional' que mañá conmemora o nacemento deste periódico no 2003 e o Día das Letras Galegas

RENOVANDO OBXECTIVO

CUN ANO DE VIDA, 'GALICIA HOXE' CONSÓLIDASE COMO UN XEITO NOVO DE ACHERGARSE Ó MUNDO

Redacción • Santiago

Naceu o GALICIA HOXE un 17 de maio do 2003 e, cando se cumpre o seu primeiro aniversario, renova o xornal traxectoria e obxectivos. Traxectoria encravada nunha redacción que dende a posta en marcha do proxecto entende a escrita como medio de transmisión de ideas e pensamento libres e independentes. Vanguarda e modernidade GALICIA HOXE, que conta cun cadro formado principalmente por redactores novos, en boa medida fornecido polas primeiras xeracións de periodistas saídos da Facultade de Ciencias da Información de Compostela, pero tamén por xornalistas venciados desde hai anos á empresa editora, entre eles o propio director, Caetano Díaz, no cargo desde a primeira andaina da publicación e xa responsable directo, baixo a batuta de Xosé Manuel Rey, en, O Correo Galego, con case dez anos de vida.

A mesma redacción daquel xornal

permanece estable agora en GALICIA HOXE, se ben ampliada con novos traballadores para cubrir a ampliación de información e patinaxe que supuxo a reconversión da nova cabeceira, a única diaria do país publicada integramente en galego.

Os cambios son visibles non só na maquetación do periódico, con grande peso das fotografías e unha tipografía atractiva e eficaz para os lectores, senón tamén na súa vertebração. Unha sección inicial *Vivir Galicia* aglutina aqueles ámbitos con inxerencias sociais que teñen Galicia como ámbito, completada cos apartados como *Vivir Aulas* e *Vivir*

Sociedade, onde as fronteiras xeográficas do país dan paso a unha visión global co obxectivo de ofrecer unha ollada eficaz sobre a realidade do mundo.

A cuestión política distribúese en tres apartados: *Galicia, España, Mundo*, con especial atención ós sucesos galegos. *Economía* e *Deportes* reproducen o esquema máis habitual da prensa, cunhas atractivas páxinas especiais na última sección que aparecen publicadas os martes e que, dun xeito claro, veñen a converterse no día despois.

Ademais de *Comunicación*, GALICIA HOXE ten a súa sección máis ex-

tenso en *maré*, páxinas con portada propia que debullan un amplo espectro temático e que pretenden presentar a información cultural cun novo punto de vista: a multidisplinariedade e a interdependencia. En *maré*, o lector pode atopar desde as últimas publicacións editoriais á aventura da exploración espacial, as investigacións de vangarda, os espectáculos artísticos, os mundos virtuais da informática ou a ecoloxía, cun peso específico para toda aquela información relacionada cos dereitos lingüísticos dos galegos.

Tras un ano de vida, o periódico está plenamente asentado na súa es-

trutura, na que teñen unha relevancia notable os correctores de lingua galega. Neste sentido, GALICIA HOXE introduciu no pasado mes de abril as modificacións na normativa aprobadas pola Real Academia da Lingua Galega.

E para celebrar este primeiro aniversario e o Día das Letras Galegas, a redacción do xornal preparou un suplemento especial de 96 páxinas baixo o título *Retrato emocional*, onde colaboran personalidades da vida cultural galega. Xosé Carlos Caneiro, Riveiro Coello, Xavier Cordal, Germán Sierra, Luísa Castro, Marga do Val ou Alfonso Pexegueiro son algúns da longa nómina de escritores que participan nesas páxinas, xunto a pintores como Berta Cáccamo ou fotógrafos como Federico García Cabazón ou Manolo Martínez, este último tamén deseñador –xunto a Suso Otero– de *Revista das Letras*, un suplemento con máis traxectoria ás súas costas que o periódico onde aparece: trece anos.

O *Retrato emocional* ofrece ademais unha nómina de case duascenas persoas que responderon a única pregunta dos xornalistas de GALICIA HOXE: ¿Como soñas Galicia? O resultado é unha viaxe fascinante a unha realidade que está en nós, aínda que non sexa visible. ●

Xochilmica gañou o Premio de Radio Obradoiro

GALICIA HOXE ofrécelles ós seus lectores con motivo do seu primeiro cumpreanos un concerto de Antonio Vega, realizado na Sala Capitol de Compostela. Para poder asistir, chega con presentar dez cupóns dos que diariamente saen no xornal.

Ademais, a velada terá uns protagonistas especiais, Xochilmica, o grupo que se proclamou esta mesma semana gañador do Certame de Folc de Radio Obradoiro, unha das cabeceiras do Grupo El Correo Gallego.

Xochilmica é un grupo composto por Ramón Maril, Manuel Rey, Manuel Iglesias, Xan Pampín e Pablo da Lama. Eles din que os une a paixón por tocar. Iso, sumado á súa instrumentación, ás interpretacións que asinan e á calidade que presentan foi o que lles deu a posibilidade de gañar este V Certame Folk Radio Obradoiro.

Non foi unha decisión doada, pero finalmente o xurado do certame pronunciou o nome do grupo Xochilmica como a formación merecente do pri-

meiro premio, a gravación dun disco. O marco foi o remodelado Teatro Principal de Santiago, que quedou sen butacas para acoller a todos os que ata alí se achegaron para desfrutar da música de cinco grupos novos galegos. Eran Árdelle o eixo, Brendam, Lugnasad, Lumia e Xochilmica, os flamantes vencedores. Súmanse así a unha lista cada vez maior que xa contén cinco nomes. Alfólies, Quempallou, Roi Xordo e Grodan Deflo foron os que precederon a Xochilmica.